



DATOS IDENTIFICATIVOS

Transmisión, mediación e educación artística

Materia	Transmisión, mediación e educación artística			
Código	P01G010V01802			
Titulación	Grao en Belas Artes			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Didácticas especiais Pintura			
Coordinador/a	Paz García, Maria Begoña			
Profesorado	García González, Silvia Paz García, Maria Begoña Varela Casal, Cristina			
Correo-e	begpaz@gmail.com			
Web	http://belasartes.uvigo.es			
Descrición xeral	É imposible delimitar a actividade creativa da educativa. A intención desta materia é achegar o futuro profesional das Belas Artes a todos e cada un dos campos, para que poida intervir como mediador ou transmisor das áreas de coñecemento das artes plásticas, é dicir, da Educación Artística nos museos, da propia práctica artística, do campo da publicidade, da ilustración e da literatura, da xestión cultural e da educación das Artes Plásticas non reguladas no actual sistema educativo.			

Competencias

Código	
B1	Capacidade de xestión da información.
B2	Capacidade de comunicación. Capacidade para expoñer oralmente e por escrito con claridade problemas complexos e proxectos dentro do seu campo de estudo
B3	Coñecemento básico da metodoloxía de investigación das fontes, a análise, a interpretación e síntese
B5	Capacidade de traballar autonomamente.
B8	Capacidade de iniciativa propia e de automotivación.
B11	Habilidades interpersoais, conciencia das capacidades e dos recursos propios
B12	Capacidade de adaptación a novas situacións.
B14	Sensibilidade en temas ambientais.
B16	Compromiso ético profesional.
C2	Comprensión crítica da evolución dos valores estéticos, históricos, materiais, económicos e conceptuais. Analizar a evolución dos valores da arte desde unha perspectiva socioeconómica e cultural
C4	Comprensión crítica da dimensión preformativa e de incidencia social da arte. Analizar a repercusión recíproca entre a arte e a sociedade
C13	Coñecemento básico da metodoloxía de investigación das fontes, a análise, a interpretación e síntese. Analizar, interpretar e sintetizar as fontes
C14	Coñecemento dos instrumentos e métodos de experimentación en arte. Aprendizaxe das metodoloxías creativas asociadas a cada linguaxe artística
C15	Coñecemento dos métodos artísticos susceptibles de seren aplicados a proxectos socioculturais. Estudar as metodoloxías que faciliten a actuación artística no entorno social
C17	Coñecemento dos diferentes axentes artísticos e o seu funcionamento. Identificar os distintos intermediarios artísticos e as súas funcións na dinámica da arte e a súa metodoloxía de traballo
C19	Capacidade para identificar e entender os problemas da arte. Establecer os aspectos da arte que xeran procesos de creación.
C23	Capacidade de comunicación. Aprender a traducir as ideas artísticas para poder transmitilas
C24	Capacidade para expoñer oralmente e por escrito con claridade problemas artísticos complexos e proxectos
C25	Capacidade de (auto)reflexión analítica e (auto)crítica no traballo artístico.

C29	Capacidade de iniciativa propia e de automotivación
C33	Capacidade de colaboración con outras disciplinas. Desenvolvemento de vías de relación e intercambio con outros campos de coñecemento
C35	Capacidade para activar un contexto cultural e/ou modificar un contexto público ou privado. Saber entender o contexto cultural para xerar iniciativas e dinamizar o entorno
C36	Capacidade de documentar a produción artística. Utilizar as ferramentas e recursos necesarios para contextualizar e explicar a propia obra artística
C39	Capacidade de determinar o sistema de presentación adecuado para as calidades artísticas específicas dunha obra de arte. Adquirir criterios para a adecuada apreciación da obra de arte en relación co seu entorno e exhibición
C45	Habilidade para comunicar e difundir proxectos artísticos
C46	Habilidade para realizar proxectos artísticos con repercusión social e nos medios. Utilizar os recursos de difusión dos proxectos artísticos co fin de potenciar a súa repercusión social
C47	Habilidade para realizar e integrar proxectos artísticos en contextos máis amplos. Desenvolver estratexias de proxección da creación artística para alén do seu campo de actuación
C48	Habilidade para unha presentación adecuada dos proxectos artísticos. Saber comunicar os proxectos artísticos en contextos diversificados
C49	Habilidades interpersoais, conciencia das capacidades e dos recursos propios para o desenvolvemento do traballo artístico

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecemento dos modelos de aprendizaxe da arte.		C4 C13 C15 C17
Coñecementos das distintas disciplinas que concorren na transmisión das obras de arte.	B14	C2 C4 C15 C17
Capacidade para a análise, a reflexión e a transmisión no ámbito da arte.	B1 B2 B3	C23 C24 C25 C45
Coñecemento do proceso creativo como método de traballo.		C14 C19 C23 C24
Capacidade de comunicación verbal, escrita e gráfica para a transmisión de coñecementos.	B3	C23 C24 C39 C45
Capacidade para analizar, sintetizar e resolver problemas para a transmisión dos coñecementos da arte.	B3	C23 C24 C39 C45 C46
Capacidade para comprender a dimensión educativa da arte.	B16	C4 C33 C35
Habilidade para aplicar métodos, procedementos e técnicas propios da investigación e da práctica artística para a educación da arte.	B1 B2 B3	C45 C47 C48
Habilidade para analizar e reflexionar sobre o propio proceso creativo.	B5 B8 B11	C25 C29 C36 C45 C49
Habilidade para o uso de procesos e procedementos artísticos no deseño de recursos educativos.	B2	C39 C45 C47 C48
Habilidades básicas para a mediación artística.	B2 B3 B12	C45 C46 C47 C48

Contidos	
Tema	
Teoría do ensino-aprendizaxe.	Modelos de aprendizaxe. Recursos para a aprendizaxe e a comunicación.
O proceso creativo, a súa estrutura e o seu método de traballo: o proxecto.	As fases do proceso creativo. Modelos e estrutura dun proxecto creativo.
A transmisión do coñecemento da arte: o mediador.	As áreas de coñecemento da arte: historia, estética, linguaxe artística e procedementos. As relacións existentes entre estas catro áreas nos distintos momentos históricos. A reflexión sobre a experiencia e a práctica artística. Os espazos profesionais que conteñen a educación artística non regulada polo sistema educativo.
O deseño dun prototipo/ aplicación, como recurso para a transmisión de coñecemento da arte.	Función da educación artística. Análise de xogos e xoguetes para a educación artística. Recursos didácticos publicados nos museos de arte contemporánea. Libros e literatura para a educación da arte. A dimensión didáctica da arte. O portfolio como recurso/ estratexia de comunicación.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	3.3	0	3.3
Metodoloxías integradas	10.5	31	41.5
Sesión maxistral	8	0	8
Obradoiros	10.5	31.5	42
Saídas de estudo/prácticas de campo	7	10	17
Debates	9.4	0	9.4
Cartafol/dossier	1.3	25	26.3
Probas de resposta curta	2.5	0	2.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Os aspectos básicos da guía docente serán expostos no aula, así como as actividades que se van a desenvolver ao longo do cuatrimestre co seu calendario correspondente. Proponse unha proba curta como diagnóstico de punto de partida e como reflexión dos coñecementos previos que ten o alumno.
Metodoloxías integradas	Aplicaremos unha metodoloxía baseada na indagación en base a seguintes fases: 1) Focalización: os/a alumnos/as describen e clarifican as súas ideas, a través da discusión e o debate, abordando temáticas da materia. 2) Exploración: os/as estudantes traballan con materiais concretos ou información específica buscando respostas aos seus cuestionamentos. 3) Reflexión: os/as alumnos/as organizan os datos, comparten as ideas e analizan e defenden os seus resultados. Durante esta fase o relevante é comunicar ideas e explicar os procedementos, o que axuda a consolidar a aprendizaxe. 4) Aplicación: os alumnos levará a cabo o aprendido realizando un prototipo e un dossier explicativo.
Sesión maxistral	Cando se inicie cada bloque de contidos, expoñerase no aula cos recursos necesarios e proponse a secuencia de traballo, explicando tamén a secuencia de aprendizaxe. En cada un dos temas facilitarase a bibliografía específica.
Obradoiros	Espazo para o traballo en grupo onde se entrecruzan experiencias, intereses, opinións e coñecementos. Pensar en grupo favorece a interconexión de ideas, relacionando o individual e o colectivo. Empregaremos unha metodoloxía participativa estimulando as motivacións individuais para que poidan revertir nas metas do grupo e integrarse no proceso de ensinanza aprendizaxe. Aplicaremos dinámicas de grupo e técnicas técnicas visuais (videoforum, filmacións do grupo) que faciliten a comunicación e a experimentación de diferentes roles dentro do grupo.
Saídas de estudo/prácticas de campo	Poñeranse en práctica os distintos programas para a avaliación dos prototipos.

Debates	<p>O debate é unha ferramenta de ensinanza aprendizaxe, xira entorno a unha pregunta ou problemática a analizar polos/as alumnos/as. Durante o mesmo os/as alumnos/as exporán e argumentarán o seu posicionamento que se porá en cuestión para finalmente extraer unhas conclusións.</p> <p>Mediante esta ferramenta conseguiremos que o/a alumno/a desenvolva distintas competencias cognitivas, de análise, de expresión en público, argumentativas, etc., ao ter que comunicar e defender os seus coñecementos en público, facendo que este sexa significativo.</p>
---------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiros	Realizarase un seguimento personalizado do alumnado a través da observación directa, en base a uns criterios definidos (participación, capacidade comunicativa, colaboración[]), que se reflexará nunha ficha persoal para ter o rastro e testemuño do seu proceso formativo co fin de poder dar resposta ás necesidades específicas de cada alumno/a. Farese un seguimento do proceso grupal a través dunha avaliación continua rexistrando nun caderno de campo as cuestións máis relevantes de cada sesión .
Debates	Tomaranse notas das habilidades comunicativas e argumentativas de cada alumno/a que se reflexará nunha ficha persoal para ter o rastro e testemuño do seu proceso formativo. Nas sesións de tutorías se comentará a súa evolución. Nas propias sesión grupais faranse recomendacións de mellora cara unha exposición clara, consisa e ben argumentada.
Metodoloxías integradas	Observaremos a evolución do grupo e de cada un dos seus componentes en cada unha das fases, elaborando unha ficha de seguimento do proceso creativo e do traballo colaborativo. Orientaremos ao alumnado para solventar os bloqueos do proceso de indagación e resolver dúbidas sobre a elaboración do prototipo e dossier explicativo nas sesións de tutorías tanto individualizadas como grupais.
Probas	Descrición
Probas de resposta curta	Tomaranse notas da capacidade de síntese do/a alumno/a así como a asimilación de coñecementos, que se reflexarán nunha ficha persoal para ter o rastro e testemuño do seu proceso formativo. Realizarán tutorías individualizadas para orientar e ofrecer recursos complementarios.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Metodoloxías integradas	Observarase e valorarase a actitude de colaboración e participación, a organización entre os alumnos e a empregada nos traballos presentados. Isto conforma unha parte fundamental no proceso de aprendizaxe. Teranse en conta as competencias adquiridas a través do desenvolvemento dos tres proxectos e da realización dos tres prototipos cos seus programas e informes de avaliación. O resultado do traballo autónomo e do traballo de aula quedará reflectido nos dossiers.	10	B1 B5 B8 B11 B14 B16	C14 C19 C23 C25 C29 C36 C39 C48 C49
Obradoiros	Observarase a diversidade de solucións e a riqueza na resolución de problemas. Tomaranse notas do proceso. Todo isto terá que estar reflectido nos dossiers.	25	B1 B2 B5 B8 B12	C2 C14 C25 C36 C39 C46 C48
Saídas de estudo/prácticas de campo	Valorarase o informe emitido, froito da experiencia práctica e do debate. Todo iso terá que estar reflectido nos dossiers.	10	B1 B8 B12	C2 C4 C17 C33
Cartafol/dossier	Proporanse un recurso educativo e ,unha vez rematado, o alumno presentará un dossier no que reflectirá o proceso creativo. Neste documento poderemos valorar o traballo realizados polo alumnado nas distintas actividades programadas: estudo e análise de situacións, toma de decisións, talleres, proposta de traballo, programa de avaliación e informe de efectividade do prototipo deseñado. Valoraranse a estrutura, a secuencia e os recursos que se utilicen para reflectir mellor o proceso. As ilustracións, a maquetación e a presentación de cada dossier teñen que ser coherentes co contido, xa que son parte da comunicación de ideas.	50	B1 B2 B5 B8 B12	C13 C14 C24 C35 C39 C45 C47 C48 C49

Probas de resposta curta	Ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe, o profesor formula cuestións oportunas coa intención de valorar que é o que sabe e que é o que debe saber o alumno. Con estas probas, non só teremos información sobre os coñecementos significativos do alumno, senón que utilizaremos esta técnica como recurso para que o alumno sintetice as súas ideas. Estas conclusións tamén se verán reflectidas no dossier.	5	B1 B3	C2 C4 C13 C15 C25
--------------------------	--	---	----------	-------------------------------

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación sera continua e sumativa ao final do período lectivo.

As horas presenciais teñen que cumprirse, xa que coas técnicas educativas que se aplicarán na aula, é imprescindible que o alumno participe no seu proceso e o profesor o dirixa e estimule.

NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XULLO, poderán presentarse os alumnos que, asistindo a clase, polas razóns que sexan, non presentaron algunha documentación ou algún dos dossiers ao terminar o período lectivo. Estes alumnos terán a oportunidade de completar a entrega na convocatoria extraordinaria de xullo

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XULLO: 10 DE XULLO 2017 a las 10.00 h

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA FIN DE CARREIRA: 31 outubro de 2016 ás 10:00 h

Bibliografía. Fontes de información

Arnheim R., **Consideraciones sobre la educación artística**, Paidós,

Ausubel Novak y Hanesian, **Psicología educativa. Un punto de vista cognoscitivo.**, Trillas,

Beljon J.J., **Gramática del arte**, Celeste ediciones,

Berger J., **Modos de ver**, Gustavo Gili,

Bruner J.S., **El proceso mental en el aprendizaje**, Narcea,

Dondis A., **La sintaxis de la imagen**, Gustavo Gili,

Eco U., **Historia de la belleza**, Lumen,

Edwards, B., **Aprender a dibujar con el lado derecho del cerebro**, Urano,

Eisner E., **Educación la visión artística**, Paidós,

Freeland C., **Pero ¿esto es arte?**, Cátedra,

Gadner H., **Arte mente y cerebro**, Paidós,

Hernández y Hernández, Jodar Minarro A. y Marin Viadel R., **¿Que es la educación artística?**, Sendai,

Munari B., **¿Cómo nacen los objetos?**, Gustavo Gili,

Marina J.A., **La educación del talento**, Ariel, Planeta,

Marina J.A., **Teoría de la inteligencia creadora**, Anagrama,

Munari B., **Diseño y comunicación visual**, Gustavo Gili,

Neill, A. S., **Hijos en libertad**, Gedisa,

Read, H., **Educación por el arte**, Paidós,

Programaranse visitas, tanto guiadas como non, a distintos espazos da Arte contemporaneo como lugares onde se poida intervir para evaluar os proxectos que se susciten no aula.

Procura en internet de Museos e gabinetes Pedagóxicos así como publicacións para mediación a transmisión e para a educación artística.

Recomendacións

Outros comentarios

É interesante o feito de estudar esta materia no segundo cuadrimestre en paralelo co Traballo de Fin de Grao. Por isto, a materia servirá ao alumno para cuestionarse asuntos como a comunicación dentro da súa propia creación, os recursos que pode utilizar para transmitir mellor unha idea artística ou a posibilidade de exercer como mediador entre os artistas e o resto das persoas interesadas na arte. Doutra banda, ao tratarse do último cuadrimestre do grao, ao alumno ábrenlle camiños profesionais, que poderá consolidar cunha especialización no mundo da educación artística regulada polo sistema educativo ou a educación artística non regulada en talleres e academias, no mundo do deseño de recursos educativos, etc.

TITORÍAS

Silvia García: de 12:30h a 13:30h. os luns, e os xoves de 14:00 h a 17:00 h. no despacho da profesora, silviagarcia@uvigo.es

Cristina Varela: luns de 12,30h. a 14,30h. no despacho da profesora

